



D^a. Lucía Peón Soutiño
Secretaría Comarcal CIG-SAUDE Coruña
Avda./ Alfonso Molina s/n, 6º Andar.
15008-A CORUÑA

Ref.: JFN/aob

Vista a **reclamación** presentada por D^a. Lucía Peón Soutiño na súa condición de Secretaría Comarcal CIG-SAUDE Coruña, pola que solicita se teña en conta como tempo traballado as horas de realización do "Curso para a obtención da habilitación para a realización das tarefas de control de Lexionella no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, e vistos os seguintes

FEITOS

Primeiro.- Que con data 23/03/21 a Dirección de Recursos Económicos da Área Sanitaria da Coruña e Cee convocou a unha actividade formativa, necesaria para a obtención da habilitación para a realización das tarefas de control de Lexionella, todo elo de conformidade co Real Decreto 865/2003, d 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico sanitarios para a prevención e control da lexionelose.

Segundo .- Que no período comprendido entre o 5 ao 9 de abril de 2021 e no horario de 9,30 a 14,30 tivo lugar no salón de actos do Hospital Universitario da Coruña tivo lugar a acción formativa arriba indicada.

Terceiro.- Que dita acción formativa, de conformidade co establecido no artigo 13 do precitado Real Decreto 865/2003, estivo dirixida a todo o persoal que traballa en operacións de mantemento hixiénico sanitario, sendo en consecuencia obrigatoria para o persoal das categorías de calefactor, mecánico e fontaneiro do CHUAC.

Cuarto.- Que dita acción formativa consistiu nos seguintes cursos:

1. Curso de renovación da habilitación para tarefas de control da lexionelose.
2. Curso para a habilitación para tarefas de control da lexionelose.

Quinto.- Que con data 20/04/21 foi presentada por D^a. Lucía Peón Soutiño, na súa condición de Secretaría Comarcal CIG-SAUDE Coruña, reclamación administrativa pola que solicita se teña en conta como tempo traballado as horas de realización dos precitados Cursos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- o Decreto 134/2019, de 10 de outubro, (DOG nº 204 do 25 de outubro) polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia,



REGISTRO AERIAL - SAIDA
31/08/2021
Nº 9602 en 234 L202015
Área Sanitaria da Coruña e Cee
(Edificio Hospital A Coruña)



que establece, no seu artigo 6º apartado s) que, é función e competencia da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, a resolución dos procedementos e recursos nos casos establecidos pola normativa vixente que se susciten no ámbito da competencia da Xerencia da Área Sanitaria.

SEGUNDO.- Que o artigo 9 do Real Decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico sanitarios para a prevención e control da lexielose establece que en materia de prevención de riscos laborais estarase ao disposto na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e no Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, así como no resto da normativa de desenvolvemento da citada Lei, e, en particular, no Real Decreto 664/1997, de 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo e no Real Decreto 374/2001, de 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.

TERCEIRO.- Que no Anexo da Orde SCO/317/2003, de 7 de febreiro, pola que se regula o procedemento para a homologación dos cursos de formación do persoal que realiza as operacións de mantemento hixiénico sanitario das instalacións obxecto do Real Decreto 909/2001, de 27 de xullo, Anexo que conforma o Programa do curso para o mantemento hixiénico sanitario de instalacións de risco fronte á *Legionella*, e que recolle no apartado 4 do mesmo unha formación sobre Saúde Pública e Saúde Laboral de dous horas, nas que impartiran as seguintes materias:

- Marco normativo.
- Riscos derivados do uso de produtos químicos.
- Danos para a saúde derivados do uso de produtos químicos. Medidas preventivas.

CUARTO.- O artigo 19 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais establece a obriga do empresario de formar aos traballadores sobre os riscos e medidas preventivas aplicadas, ou adoptar determinadas condutas neste sentido. Para elo o citado artigo da Lei 31/1995 establece o seguinte:

"Artículo 19. Formación de los trabajadores.

1. En cumplimiento del deber de protección, el empresario deberá garantizar que cada trabajador reciba una formación teórica y práctica, suficiente y adecuada, en materia preventiva, tanto en el momento de su contratación, cualquiera que sea la modalidad o duración de ésta, como cuando se produzcan cambios en las funciones que desempeñe o se introduzcan nuevas tecnologías o cambios en los equipos de trabajo.

La formación deberá estar centrada específicamente en el puesto de trabajo o función de cada trabajador, adaptarse a la evolución de los riesgos y a la aparición de otros nuevos y repetirse periódicamente, si fuera necesario.

2. La formación a que se refiere el apartado anterior deberá impartirse, siempre que sea posible, dentro de la jornada de trabajo o, en su defecto, en otras horas pero con el descuento en aquélla del tiempo invertido en la misma. La formación se podrá impartir por la empresa mediante medios propios o concertándola con servicios ajenos, y su coste no recaerá en ningún caso sobre los trabajadores."



Dedúcese do contido do apartado 2 do precitado artigo 14 da LPRL, que as horas invertidas polos traballadores na realización obrigatoria dun curso que abarque materias de Prevención de Riscos Laborais fora das horas de traballo, sexa por imposición legal ou por imposición do empresario, deben ser compensadas por este mediante o oportuno desconto na xornada de traballo, tal e como indica a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Social, de data 12/02/08. Ademais, tal e como sinala a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla y León de data 14/11/12, cando nos encontramos ante formación obrigatoria por interese do empresarial, resulta que o empresario ten que correr co gasto, da mesma e, por outra parte, o tempo dedicado a formación debe computar como tempo de traballo.

Polo exposto:

RESOLVE estimar a reclamación presentada ante esta Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee por D^a. Lucía Peón Soutiño, na súa condición de Secretaria Comarcal CIG-SAUDE Coruña, pola que solicita que se tivera en conta como tempo traballado as horas de realización dos precitados Cursos e, en consecuencia, autorizar a compensación por tempo equivalente de descanso, do tempo de formación desenvolvido fora da xornada laboral nos devanditos cursos, todo elo de acordo coa programación funcional da unidade.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partires do día seguinte ó da súa notificación, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, a 25 de agosto de 2021

O Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE
XUNTA DE GALICIA
ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

Asdo: P.A. Antón Fernández García

Director Asistencial da Área Sanitaria da Coruña e Cee